



O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 16-12-2024 ata a día 02-01-2025
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

PO. *[Firma]*

DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordos da Xunta de Goberno do 21.06.2024 e 12.07.2024, apróbanse as bases específicas e convocatoria para a ampliación da vixente listaxe de emprego temporal de peón/peoa de reparación de vías provinciais para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 151, do 01.07.2024 e BOP núm. 165, do 17.07.2024 respectivamente).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020 e corrección de erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.

As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 04.12.2024.

A vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a ampliación da vixente listaxe de emprego temporal de peón/peoa de reparación de vías provinciais da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, resolva:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a ampliación da vixente listaxe de emprego temporal de peón/peoa de reparación de vías provinciais, agrupacións profesionais, aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinala:

| Nº Orde | Apelidos e nome | Cualificación final |
|---------|-------------------------------------|---------------------|
| 1 | Preciado Dobarganes, Cristian Jesús | 44.298 |
| 2 | Ferreiros Rubinos, José Antonio | 37.0500 |
| 3 | Martínez Abelleira, Víctor | 36.1500 |
| 4 | Gancedo Rodríguez, David | 35.6500 |
| 5 | Pardo Santín, Manuel Andrés | 33.8940 |
| 6 | Buján Rivas, Pedro | 33.7100 |
| 7 | López López, Bruno | 31.2500 |
| 8 | López Veiga, Roberto | 30.5500 |
| 9 | Deiros García, Uxía | 29.1500 |
| 10 | Carballosa González, Óscar | 28.6500 |

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7V4QJNZX54LGOPYR4M4FIFIM | Fecha y Hora | 13/12/2024 14:27:23 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PABLO RIVERA CAPÓN | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4QJNZX54LGOPYR4M4FIFIM | Página | 1/2 |



2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.


O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 04-07-2023
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 16-12-2024
ata a día 02-01-2025
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCI

Po.
[Handwritten Signature]

| | | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|---|
| | IV7V4QJNZX54LGOPYR4M4FIFIM | Fecha y Hora | 13/12/2024 14:27:23 |  |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | | |
| Firmado por | PABLO RIVERA CAPÓN | | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7V4QJNZX54LGOPYR4M4FIFIM | Página | 2/2 | |